



PLAN DE ANIMACIÓN PASTORAL

O presente Plan de Animación Pastoral foi elaborado pola Equipo de Animación Pastoral do centro, formado polos seguintes profesores:

- Inmaculada Pérez Aparicio
- Margarita Nogueira Rodicio
- Ángela M^a Martínez Piñeiro (Coordinadora EI)
- Daniel Soage Soage
- Elvira Senlle Santos
- Laura Martínez Durán (coordinadora EP)
- M^a Sandra Pérez González (Coordinadora ESO)

1.-CARÁCTER PROPIO DO COLEXIO CASA DE LA VIRGEN COMO CENTRO EDUCATIVO VICENCIANO.

INTRODUCCIÓN:

No marco da escola católica e con espírito de colaboración e servizo a unha sociedade plural e á igrexa, a entidade titular ofrece o **Carácter Propio**:

- Como signo da presenza do Reino de Deus no mundo da educación e xesto de fe e esperanza na posibilidade dun Home Novo.
- Como resposta ás familias que deciden dar aos seus fillos unha educación cristiá.

ESCOLA CRISTIÁ- VICENCIANA

Os Centros vicencianos defenden a súa misión educativa, orientada ao desenvolvemento integral da persoa, segundo o evanxeo e cun estilo propio.

Como **escola cristiá** os nosos centros propóñense presentar a mensaxe de Jesucristo e a Relixión Católica na realidade socio-cultural de cada lugar, como expresión da súa identidade e da súa vocación evanxelizadora.

Como **escola católica**, inspirada nos nosos fundadores, Vicente de Paul e Luisa de Marillac, basean os seus esforzos na integración social dos alumnos, a sensibilización polos necesitados e a valoración de saber como medio para servir mellor aos demais.

Principios inspiradores do estilo educativo da Escola Vicenciana:

- 1- **Formación integral dos alumnos** de acordo cunha concepción cristiá da persoa, da vida e do mundo.
- 2- **Opción polos máis débiles** no seu nivel económico, capacidade intelectual ou outro tipo de limitación.
- 3- **Vivencia dos valores evanxélicos**, a través dos cales revelamos que Deus nos ama.
- 4- **Compromiso pola xustiza e a solidariedade universal**, cunha participación activa na transformación e mellora da sociedade.
- 5- **Relacións e clima educativo** baseados na sinxeleza.
- 6- **Respecto á vida e á natureza, fomentando a responsabilidade ante o progreso da ciencia e a tecnoloxía.**

ASPECTOS DA NOSA ACCIÓN EDUCATIVA

Estes principios inspiradores animan á acción educativa baseada nunha pedagogía aberta, flexible e construtiva, que se adapta ás necesidades dos alumnos e que incorpora as innovacións didácticas que a calidade educativa esixe. En coherencia con estes principios, favorecemos os seguintes aspectos:

1- Educación integral:

- . Desenvolvemento harmónico de todas as dimensións do alumno/a, para que chegue ao máximo das súas posibilidades.

2- Atención á diversidade:

- . Educación personalizada que dá especial importancia á acción tutorial servizo de orientación etc.
- . Apertura e formación no respecto á pluralidade etnica, cultural e relixiosa para promover a integración social.

3- Compromiso social:

- . Coñecemento dos valores e contravalores desta sociedade plural.
- . Análise da realidade con sentido crítico.
- . Compromiso coa xustiza e promoción dos máis necesitados, a través de accións concretas.

4- Relacións próximas e de colaboración:

- . Ambiente educativo fraterno que supón sinxeleza, acollida, confianza e alegría.
- . Aprendizaxe cooperativa que potencia a convivencia, a participación, o respecto, a capacidade de diálogo e a colaboración.
- . Presenza dos educadores baseada nunha relación de cercanía, dispoñibilidade e cun estilo educativo coherente e de calidade.

5- Educación na fe:

- . Integración harmónica entre a fe e o conxunto de saberes, valores, actitudes e comportamentos que favoreza a síntese persoal entre fe, cultura e vida.
- . Acompañamento aos alumnos no seu proceso de maduración na fe, a través de asociacións de pastoral xuvenil, especialmente de JMV.
- . Proposta de formación e afondamento na fe aos membros da Comunidade Educativa (FOEVI, Escola de Pais e outros grupos inspirados no carisma vicenciano).

6- Educación para o ocio:

. Oferta de actividades formativas máis alá do horario lectivo que axude á Comunidade Educativa a abrirse a un mundo de dimensións cada día mais amplas.

7- Técnicas da Información e a Comunicación ao servizo da educación:

. Utilización de medios para o desenvolvemento das competencias que demanda a sociedade neste ámbito, facendo prevalecer os valores persoais, éticos e relacionais sobre o meramente técnico.

8- Avaliación sistemática:

.Análisis do nivel de calidade da acción educativa, orientado a unha mellora continua.

COMUNIDADE EDUCATIVA

A relación constante entre pais, profesores, alumnos, persoal de administración e servizo e entidade titular, en ambiente de corresponsabilidade, dá coherencia e fecundidade á nosa acción educativa e contribúe a conseguir un bo nivel de formación.

Formar parte da Comunidade Educativa compromete a:

- Compartir e achegar, con espírito de servizo, a nosa competencia e habilidades.
- Esforzarse por construír unha comunidade viva na que todos busquemos o ben dos demais.

2. A EDUCACIÓN EN VALORES E PARA A CONVIVENCIA EN EDUCACIÓN INFANTIL

A educación infantil configúrase como un período decisivo na formación da persoa, xa que nesta etapa aséntanse os fundamentos non só para un sólido aprendizaxe das habilidades básicas senón tamén que se adquiren hábitos de traballo, convivencia, respecto ós demais para toda a vida.

Írase formando un autoconcepto positivo e construíndo a propia identidade, tamén estímularase a adquisición de valores en relación cós outros e cón medio, tales como aceptar os demais, aceptar normas, convivir e colaborar cós compañeiros e compañeiras, cós adultos, respetar o medio no que vivimos, seguir regras no xogo e cuidar a nosa saúde.

Outro aspecto importante que debemos salientar é educar os nosos nenos e nenas na cultura da paz, en todos os niveis do sistema educativo, eliminando a intolerancia, promovendo diálogo sempre e a non-violencia como práctica para a solución de conflitos.

A través da educación exercítanse estes valores que fan posible a vida en sociedade adquiríndose hábitos de convivencia democrática e de respecto. Fomentar o aprendizaxe ó longo de toda a vida implica proporcionar ós alumnos e ás alumnas unha educación completa que abarque os coñecementos e competencia básicas que resulten necesarias na sociedade actual.

3. A EDUCACIÓN EN VALORES E PARA A CONVIVENCIA NA EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA OBRIGATORIA

Nunha concepción integral da educación, a **educación social** e a **moral** son fundamentais para procurar que os alumnos adquiran comportamentos responsables na sociedade, respectando as ideas e crenzas dos demais.

O carácter integral do currículo implica tamén a necesidade de incorporar nas diferentes áreas elementos educativos básicos, os chamados transversais, que non están suxeitos a ningunha área concreta, senón que afectan ós diferentes ámbitos da vida.

Tratamento das ensinanzas transversais

A incorporación destas ensinanzas nas áreas supón que se lles vai dar un tratamento sistemático, planificado e pedagoxicamente graduado coma a tódolos demais contidos. Consecuentemente, haberá que comezar pola súa inclusión no Proxecto Curricular, delimitando o seu alcance e tomando decisións sobre a súa profundidade, orientación e sentido. Para iso poden seguirse estes pasos:

1. Clarificación do alcance e significado de cada ensinanza transversal

Supón definir desde a propia liña educativa do centro a concepción que se ten de cada ensinanza transversal. Iso conducirá á formulación duns obxectivos, contidos e criterios de avaliación para cada ET.

2. Distribución por áreas dos contidos de cada ensinanza transversal

Asignar ás diversas áreas a parte que cada unha delas pode realizar (sen forzala nin desnaturalizala) no traballo sobre a ensinanza transversal, sexa nos contidos de concepto, procedemento ou actitude. Constatárase que algúns destes xa estaban inicialmente incluídos no currículo da área.

A partir deste momento, o desenvolvemento e a concreción dos contidos da ensinanza transversal seguen paralelos ós dos contidos propios de cada área:

- *Distribución por ciclos*, determinando a extensión e profundidade con que se tratará cada transversal en cada ciclo en concreto, atendendo ó momento evolutivo dos alumnos e ó proceso de aprendizaxe.

- *Concreción e programación das unidades didácticas*. O traballo específico e concreto realízase durante a elaboración de unidades didácticas en que se delimitan co resto dos contidos da área en cuestión, e favorécese a súa integración progresiva no proceso de aprendizaxe.

Metodoloxía para o desenvolvemento das ensinanzas transversais

No tratamento das ensinanzas transversais, e dos valores en xeral, é especialmente importante respecta-la liberdade do alumno ou alumna e o seu ritmo de progreso, buscando sempre a súa resposta libre e persoal.

Como en toda aprendizaxe, tamén nas ensinanzas transversais se deben combinar harmonicamente conceptos, procedementos e actitudes.

As ensinanzas transversais supoñen fundamentalmente a adquisición de contidos de valor. A asunción dun valor como norma habitual de conduta require un **proceso** apropiado:

- a) Acercamento ó valor para coñecelo, descubri-lo como tal e apreciá-lo.
- b) Elección libre das crenzas e condutas entre varias alternativas, despois dunha consideración das consecuencias, e ser a adhesión a elas.
- c) Incorporación do valor na conduta, ata obrar habitualmente de acordo con el. A asunción dun valor é plena cando se fai norma de actuación que a persoa comprende e acepta razoadamente, cando se converte en conduta consistente e mantida, que chega a caracterizá-la persoa.

Imos expoñer a interpretación que cabe facer de cada unha das Ensinanzas Transversais e detallámo-las seus Obxectivos Xerais e os da Etapa:

EDUCACIÓN MORAL

1. Sentido e alcance

A Educación moral non ten por que ser unha imposición externa de valores e normas de conduta, pero tampouco se reduce á adquisición de habilidades persoais para adoptar decisións puramente subxectivas.

A educación moral pretende a formación de persoas autónomas e dialogantes, capaces de elaborá-los seus propios xuízos morais. Debe ser un ámbito de reflexión individual e colectiva que permita elaborar, racional e autonomamente, principios xerais de valor e normas de conduta contextualizadas, así mesmo debe capacita-los educandos para adoptar un tipo de condutas persoais coherentes cos principios e normas que constrúen.

2. Obxectivos Xerais

Os principais obxectivos que se lle asignan son:

- Desenvolve-las estruturas universais de xuízo moral que permitan a adopción de principios xerais de valor tales como a xustiza ou a solidariedade.
- Adquiri-las competencias dialóxicas que predispoñen ó acordo xusto e á participación democrática.
- Construír unha imaxe de si mesmo e do tipo de vida que se desexa levar conforme os valores persoais desexados.
- Forma-las capacidades e adquiri-los coñecementos necesarios para comprometerse nun diálogo crítico e creativo coa realidade, que permita elaborar normas e proxectos contextualizados e xustos.
- Adquiri-las habilidades necesarias para facer coherente o xuízo e a acción moral, e para impulsa-la formación dunha maneira de ser desexada.

3. Obxectivos na EP e ESO

- Afianza-la seguridade en si mesmo para enfrontarse con autonomía a calquera situación e para poder resolver situacións de conflito.
- Desenvolve-la autonomía persoal, así como as posibilidades de tomar iniciativas e de establecer relacións afectivas, nas actividades habituais e nas relacións de grupo.
- Comprender e valora-las características e calidades das persoas que o rodean, establecendo con elas relacións equilibradas e construtivas e recoñecendo e valorando criticamente as súas diferencias.
- Supera-los prexuízos e as connotacións discriminatorias con respecto ás persoas de grupos sociais minoritarios.
- Descubrir e valora-los aspectos positivos doutras culturas a través do intercambio cultural.

EDUCACIÓN CÍVICA

1. Sentido e alcance

A Educación cívica pretende a formación de persoas dispostas a comprometerse nunha relación persoal e nunha participación social baseada no uso crítico da razón, na apertura ós demais e no respecto polos Dereitos Humanos.

2. Obxectivos Xerais

Os principais obxectivos que se lle asignan son:

- Potencia-lo compromiso do suxeito na comprensión crítica da realidade persoal e social, e na mellora desta realidade.
- Comprender, respectar e construír normas de convivencia xustas, que regulen a vida colectiva.

3. Obxectivos na EP e ESO

- Manter actitudes solidarias e colaboradoras coas persoas do seu contorno.
- Participar nas actividades de grupo respectando os puntos de vista distintos e asumindo as responsabilidades que correspondan; aceptando e respectando, así mesmo, as normas que democraticamente se establezan na planificación e realización desas actividades.
- Aprecia-la importancia dos valores básicos que rexen a vida e a convivencia, descubrindo as razóns da súa existencia e obrando de acordo con eles.

EDUCACIÓN PARA A PAZ

1. Sentido e alcance

A Educación para a paz debe interpretarse atendendo a dous aspectos básicos que a sustentan:

- A paz debe ser entendida como unha paz positiva, non como a non-guerra (paz defensiva). Se ben tralas Guerras Mundiais se fala dunha educación para a non-violencia, para o desarmamento..., o actual concepto de Educación para a paz apóiase na concepción gandhiana da paz positiva (anos 60), que persegue a formación da persoa en valores e entende por non-violencia a procura da verdade a través do desenvolvemento da autonomía e da autoafirmación persoal.

- A perspectiva creativa do conflito, que entende o conflito como unha situación natural, que debe resolverse polas vías da non-violencia e dar oportunidade de desenvolver aspectos humanitarios.

2. Obxectivos Xerais

Os principais obxectivos que se lle asignan son:

- Educar para a autonomía e a autoafirmación da persoa.
- Educar na solidariedade (non-indiferenza, compromiso, acción pedagóxica e social).
- Educar na tolerancia (aceptación da diversidade, non-discriminación, vivencia dos Dereitos Humanos).
- Educar no afrontamento pacífico dos conflitos (cooperación, diálogo, técnicas de resolución e loita non-violentas).

3. Obxectivos na EP e ESO

- Desenvolver e valora-las propias capacidades de modo reflexivo e positivo, para poder poñelas ó servizo dos demais.
- Actuar con autonomía tanto en situacións individuais coma colectivas, desenvolvendo sentimentos de tenrura e comprensión cara ás persoas que nos rodean.
- Cooperar co grupo, dialogar e resolve-los problemas que se poidan presentar con actitudes tolerantes e solidarias cos demais.
- Interesarse por coñecer algún dos graves problemas que afectan á paz mundial.
- Coñecer e valora-lo propio patrimonio cultural, respectando a diversidade e rexeitando calquera tipo de discriminación.

EDUCACIÓN PARA A SAÚDE E A CALIDADE DE VIDA

1. *Sentido e alcance*

Tradicionalmente a saúde foi considerada como a ausencia de enfermidades. Pero este concepto sufriu unha fonda transformación nos últimos anos.

A Organización Mundial da Saúde, en 1946, definiuna como un estado completo de benestar físico, mental e social. Posteriormente, en 1985, conceptualizaba a saúde como a capacidade de realiza-lo propio potencial persoal e responder de forma positiva ós retos do ambiente. Esta segunda aproximación ó concepto de saúde parece a máis aceptada socialmente.

Reflexionemos sobre que é e como se entende a saúde, e estas reflexións permitirannos fundamenta-las bases sobre as que proxecta-lo programa de Educación para a saúde e a calidade de vida.

- A saúde non é estática, é unha conquista continua. Non se trata de algo acabado, senón dun proceso continuo e permanente.
- A saúde supón un estilo ou calidade de vida do que cada persoa é responsable.
- A saúde implica un coidado corporal tanto físico coma mental, unha boa alimentación e hixiene, unha natureza coidada e limpa, unhas relacións afectivas equilibradas, unha autoestima, seguridade e confianza nun mesmo.
- A saúde é un reto e un proxecto para a solidariedade. A saúde ten unha proxección de carácter social: é a conquista da calidade de vida para todos.
- A saúde é adaptarse ó medio e modificalo para facelo máis humano e saudable.

2. *Obxectivos Xerais*

A Educación para a saúde e a calidade de vida na escola ten como obxectivos:

- Adquirir hábitos sans, valorándoos como un aspecto da calidade de vida.

- Favorecer unha interacción positiva coas persoas.
- Desenvolve-la autoestima e a autonomía necesarias para construír un proxecto de vida saudable.
- Contribuír á toma de conciencia de todo o que non conduce a un benestar físico e mental das persoas, e rexeitalo.

3. Obxectivos na EP e ESO

- Conseguir-la asunción de hábitos, actitudes e valores, así como coñecementos e destrezas que permitan gozar dun estado saudable.
- Establecer relacións equilibradas e construtivas coas persoas do contorno, baseadas no respecto e na solidariedade.
- Actuar con autonomía nas actividades habituais e nas relacións de grupo, asumindo as responsabilidades que lle corresponden.
- Coñecer e apreciar-lo propio corpo, os factores que condicionan un crecemento san e desenvolver hábitos de coidado e respecto do propio corpo e do corpo dos demais.
- Adquirir conciencia de que certas prácticas sociais e ambientais entorpecen a saúde, e rexeita-las pautas de comportamento que non conducen á adquisición do benestar.
- Participar en prácticas de tempo libre que impliquen benestar persoal.

EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE ENTRE OS SEXOS

1. Sentido e alcance

A acción formativa desde a perspectiva deste transversal ten en conta:

O desenvolvemento dunha identidade persoal e sexual como homes e mulleres; a aceptación positiva da súa propia condición e a valoración das súas capacidades e limitacións.

A familia como núcleo básico de relación con homes e mulleres de distintas idades.

O desenvolvemento da autonomía persoal, que se inicia coa realización de tarefas na casa e na escola.

A valoración do grupo de iguais, dos adultos, e da función complementaria entre distintos sexos.

O aprecio da participación construtiva dos homes e das mulleres no desenvolvemento común (ámbito laboral, social e cultural).

A capacidade para analizar e rexeitar discriminacións na linguaxe (verbal e non verbal).
E unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación e a publicidade como transmisores de estereotipos sexuais.

2. Obxectivos Xerais

Os principais obxectivos que se lle asignan son:

- Descubrirse como persoa, home ou muller; aceptarse de forma positiva, recoñecendo as propias calidades e limitacións.
- Comprende-lo modelo masculino e o feminino desde a aceptación e o respecto; entendéndoos como unidades cunha complementariedade que facilita unha visión unitaria da persoa.
- Adquirir autonomía de forma progresiva na realización de actividades domésticas, na relación cos demais e na valoración crítica das situacións sen deixarse influír por estereotipos limitadores.
- Participar nos distintos grupos de referencia (familia, amigos...) de forma responsable, solidaria e construtiva, considerando as diferentes contribucións e distintos puntos de vista, con independencia de clasificacións sexistas.

- Aprecia-la sensibilidade e a afectividade como dimensións exclusivas da persoa, sen deixarse levar por prexuizos sexistas.
- Recoñecer elementos discriminatorios que se dan no contorno (linguaxe, medios de comunicación, ámbito laboral, cultura...), e utiliza-la capacidade crítica para analizar estas situacións de forma obxectiva.
- Reflexionar sobre o propio futuro, a partir das habilidades e limitacións persoais, tomando como referente a igualdade entre os homes e as mulleres.
- Adquirir conciencia da riqueza das contribucións dos homes e das mulleres no ámbito afectivo, social, cultural e laboral para o desenvolvemento dun proxecto común.

3. Obxectivos na EP e ESO

- Valora-las propias calidades como persoa, coñece-las súas limitacións e aprecia-la súa pertenza ó xénero feminino ou masculino.
- Adquirir-las destrezas básicas que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico.
- Desenvolver actitudes que lles faciliten a relación no grupo.
- Establecer relacións equilibradas e construtivas coas persoas na convivencia cos demais, nun marco de aprecio e valoración.
- Mostrar unha actitude crítica ante as manifestacións que en calquera ámbito supoñan algunha discriminación baseada na diferenza de sexo (social, cultural, laboral...).

EDUCACIÓN AMBIENTAL

1. Sentido e alcance

Enténdese por educación ambiental aquela que persegue que o alumno coñeza, valore e se interese, de maneira construtiva e directa, pola conservación e mellora do ambiente.

Trátase dunha preocupación relativamente recente da humanidade, que ten a súa orixe nas consecuencias que a industrialización produce no ambiente. Así, no ano 1972, na Reunión Internacional do ambiente (UNESCO), comézase a falar da posibilidade de introducir na ensinanza formal a educación ambiental, pero non é ata o ano 1977, na Conferencia Intergobernamental de Educación ambiental que tivo lugar en Rusia, cando se fixan as bases e o concepto do que hoxe se entende por ambiente. No ano 1987 impúlsanse as estratexias necesarias para a súa introducción no sistema educativo, e a iso vén responde-la súa inclusión na nosa actual lexislación educativa.

2. Obxectivos Xerais

Os principais obxectivos que se lle asignan son:

- Ter un coñecemento global do medio, é dicir, ser conscientes das súas características, funcionamento, elementos, uso da sociedade e problemas que iso provoca, a estrutura social e os mecanismos de toma de decisións que afectan ó medio.
- Promover cambios de actitude favorables ó medio, dar alternativas e solucións ó conflito da humanidade coa natureza. Ter unha visión crítica da realidade e entender que as persoas a poden cambiar.
- Transforma-los valores, expandir unha ética ecolóxica de forma que sexamos conscientes dos límites físicos do noso planeta, da necesidade de respecta-la vida, mante-lo funcionamento dos ecosistemas e ser solidarios con tódalas formas de vida, pobos e xeracións.
- Buscar e analiza-los problemas que sofre o ambiente e aplicar solucións ós mesmos.
- Colaborar e participar en diferentes tipos de actividades encamiñadas á mellora da calidade de vida, da sociedade e do ambiente.

3. Obxectivos na EP e ESO

- Adquirir un coñecemento global do medio e concienciarse dos problemas básicos que sofre.

- Valorar criticamente o propio contorno e interesarse por respectalo e melloralo.
- Coñece-los principais problemas que sofre o medio e reflexionar sobre as súas posibles solucións.
- Colaborar activamente na resolución de problemas ambientais do contorno.
- Identificar e valorar prácticas de tempo libre que axuden á conservación do medio.

EDUCACIÓN SEXUAL

1. Sentido e alcance

A Educación sexual é concibida como información sobre os seus aspectos biolóxicos, e como información, orientación e educación sobre os aspectos afectivos, emocionais e sociais, de modo que os alumnos cheguen a coñecer e aprecia-los papeis sexuais feminino e masculino e o exercicio da sexualidade como actividade de plena comunicación entre as persoas.

A Educación sexual debe orienta-la afectividade. A necesidade de seguridade afectiva, de amar e ser amado, a necesidade de sentirse útil e convencerse do seu propio valer, deben ter unha resposta satisfactoria no neno desde que nace; de tal maneira que, se estes aspectos da afectividade se descoidan no proceso de maduración do neno e do adolescente, a súa vida sexual adulta verase afectada por estes fallos. É fácil entender que, se un neno non se sente querido, dificilmente vai poder dar; e a capacidade de dar e darse é fundamental no desenvolvemento sexual da persoa e na súa conduta sexual.

A sexualidade concíbese como maneira de estar no mundo e relacionarse co mundo como persoa masculina ou feminina. É o modo en que os humanos experimentan e, ó mesmo tempo, expresan tanto o incompleto das súas individualidades coma a súa condición relacional duns con respecto a outros na súa calidade de homes e mulleres.

Unha Educación sexual:

- Proporciona información clara e fundamentada sobre os aspectos anatómicos, fisiolóxicos e funcionais da sexualidade humana.
- Inclúe referencias a unhas leis éticas, normas morais e de formación da conciencia, vinculadas ó concepto de persoa e á súa dignidade.
- Presenta a sexualidade nunha visión integradora de toda a vida.
- Suscita o respecto á vida e a veneración ó amor.
- Impulsa un sentido de conciencia recta, un sentido de liberdade e responsabilidade, e unha valoración dos roles como home e muller.

3. *Obxectivos Xerais*

Os principais obxectivos que se lle asignan son:

- Coñece-los trazos sociais, morais, psicolóxicos e fisiolóxicos da propia configuración sexual, de maneira que o individuo chegue a establecer relacións óptimas coas persoas do mesmo sexo e do outro sexo.
- Alcanzar unha vida sexual sa, que integre os aspectos intelectuais, afectivos, sociais e éticos da sexualidade humana co fin de enriquecer positivamente a personalidade, a intercomunicación e a afectividade da propia persoa.

3. *Obxectivos na EP e ESO*

- Coñece-la anatomía e a fisioloxía humanas, os seus órganos e funcionamento, e os procesos de fecundación humana.
- Aceptar e aprecia-los papeis sexuais feminino e masculino e concibi-lo exercicio da sexualidade como actividade de plena comunicación entre as persoas.

- Coñece-lo significado dos diferentes vínculos que se establecen con outras persoas e como estes dan orixe a diferentes tipos de relacións: de parella, amigables...
- Comparti-lo sentido de pertenza (a unha familia, a unha escola, a un grupo de amigos ou amigas), compaxinándoo coa incipiente necesidade de autonomía persoal.
- Valorar positivamente a amizade e os aspectos relacionados coa cooperación e a axuda ós demais.

EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR

1. Sentido e alcance

A Educación do consumidor ten por finalidade proporcionarlle ó alumno, de forma gradual, secuenciada e conforme o seu nivel evolutivo, toda unha serie de elementos cognitivos, procedementos e técnicas de traballo que lle permitan desenvolver actitudes conscientes, críticas e solidarias, sentíndose satisfeito de actuar de forma responsable ante os feitos de consumo.

A Educación do consumidor pretende unha análise crítica da situación actual do consumo, co fin de permiti-la formación de hábitos de consumo novos e, dunha forma máis xeral, a orientación cara a outros modos de vida. E subliñar principalmente as consecuencias sociais das decisións e accións individuais, co obxecto de que os máis novos adquiran conciencia de que, en toda circunstancia, son seres sociais que viven nun medio produtivo e degradable.

Debe atender: ó coñecemento dos recursos produtivos, ó coñecemento do produto, ó uso adecuado dos produtos e ó descubrimento das necesidades persoais reais. O alumno ou alumna debe aprender a liberarse da presión publicitaria e doutros axentes persuasivos para lles saca-lo máximo proveito ós seus cartos, descubrir e dar prioridade ó valor do *ser* sobre o *ter*, ser sensible ante os pobos con necesidades básicas e mostrar unha actitude xenerosa e solidaria.

3. Obxectivos xerais

Os principais obxectivos que se lle asignan son:

- Coñecer e valora-los temas de consumo a través da experiencia, a actividade creativa e lúdica e a reflexión.
- Comprender e establecer relacións entre feitos e fenómenos de consumo, e adquirir hábitos de consumo austero e responsable.
- Contribuír á defensa dos dereitos e asunción de responsabilidades como consumidor.
- Manter unha actitude crítica e responsable ante a promoción do consumo e ante as informacións que recibe diariamente como consumidor.
- Descubrir e dar prioridade ó valor do *ser* sobre o *ter*.
- Recoñecer e sentirse sensibilizados ante os pobos con necesidades básicas, mostrando unha actitude xenerosa e solidaria.
- Coñecer e valorar alternativas de ocio e tempo libre que non impliquen a necesidade de consumir.

3. Obxectivos na EP e ESO

- Actuar de forma responsable e segura na utilización de servizos e bens de consumo.
- Comprender e establecer relacións entre feitos e fenómenos de consumo, e valora-lo consumo austero.
- Contribuír á defensa dos dereitos e asunción de responsabilidades como consumidor.
- Adquirir conciencia da incidencia da publicidade no consumo, e valorar comportamentos non consumistas.
- Descubrir e dar prioridade ó valor do *ser* sobre o *ter*.

- Recoñecer e sentirse sensibilizados ante os pobos con necesidades básicas, mostrando unha actitude xenerosa e solidaria.
- Coñecer e valorar diferentes posibilidades de goce do tempo libre.
- Desenvolver afeccións para o tempo libre que non impliquen necesariamente un custo económico.

EDUCACIÓN VIAL

1. Sentido e alcance

A Educación vial enténdese baixo unha dobre finalidade. Por unha banda, sensibiliza-los alumnos sobre os riscos da circulación e preparalos para que fagan fronte ás responsabilidades que teñan como peóns ou que adquiran como condutores de vehículos (bicicletas, ciclomotores...).

Por outra banda, axudalos a tomar conciencia da súa responsabilidade na vida social, de maneira que poidan contribuír á mellora das condicións da circulación velando pola propia seguridade, e a comportarse de maneira responsable, tendo en conta os demais usuarios.

2. Obxectivos Xerais

Os principais obxectivos que se lle asignan son:

- Coñece-lo medio físico en relación co tráfico e comportarse adecuadamente como peón, en cidade ou en estrada, e como viaxeiro.
- Desenvolver actitudes de conciencia cidadá no uso das vías como peón e como condutor.
- Fomentar hábitos de sentido vial.

- Coñecer e respecta-los sinais de tráfico.
- Responsabilizarse na condución e mantemento de vehículos.
- Contribuír de forma activa na mellora das condicións da circulación.
- Valora-los servizos que prestan á comunidade as institucións relacionadas coa cuestión cidadá.

3. Obxectivos na EP e ESO

- Comportarse adecuadamente como peón en cidade e en estrada.
- Ter un maior coñecemento do medio físico e valora-la súa incidencia en relación co tráfico.
- Coñecer e respecta-los sinais de tráfico e as normas de seguridade vial.
- Adquirir e cultivar actitudes de conciencia cidadá desenvolvendo hábitos de sentido vial.
- Coñecer e usa-la bicicleta de maneira adecuada.
- Comportarse correctamente como pasaxeiro de vehículos privados e públicos.

EDUCACIÓN PARA O LECER

1- Sentido e alcance

A sociedade actual dispón dun tempo para o lecer cada vez máis grande e dunha variada gama de posibilidades para ocupalo. A escola debe contribuír a que os alumnos utilicen o seu tempo de lecer como fonte de benestar e creatividade e non como forma alienante de submisión ó consumismo que nos envolve.

Enlazar actividades escolares e extraescolares e aplicar nestas uns criterios educativos semellantes, convértese nunha necesidade e contribuirá a unha integración efectiva entre a escola e a sociedade.

2-Obxectivos Xerais

- Desenvolve-la capacidade de aproveita-lo tempo de lecer en actividades que fomenten o desenvolvemento persoal.
- Valora-lo tempo libre como un espacio para fomenta-la creatividade e a relación cos demais.
- Aprender a organiza-lo tempo libre distribuíndoo en función do traballo e do lecer.

3-Obxectivos na EP e ESO

- Descubri-la necesidade e a importancia da participación nas actividades que complementan ás da aula tanto no ámbito escolar coma fóra da escola.
- Adquirir conciencia da necesidade de evitar actitudes consumistas na organización do tempo libre.
- Aprecia-las posibilidades de desenvolvemento persoal que ofrecen as actividades de lecer.

AVALIACIÓN DOS TEMAS TRANSVERSAIS

Para a **avaliación** do progreso dos alumnos, contemplamos actividades de avaliación en combinación coas de autoavaliación.

No contido de valor que o tema transversal ten, é imprescindible a avaliación **individualizada**, é dicir, comprobar como cada alumno ou alumna interioriza o contido de valor do tema transversal. Esta tarefa só a pode desenvolver-lo mestre ou mestra. Para iso será útil ter en conta os trazos que presenta un valor asumido, para comprobar se as accións responden a unha verdadeira opción por el. Considérase que un valor foi asumido cando se dan estas condicións:

- Elección libre: elixiuse libremente. Alternativas: a elección fíxose entre varias alternativas realmente posibles.
- Consecuencias: acéptanse as consecuencias que leva consigo comportarse segundo o valor.
- Pracer: a persoa aprecia a elección e goza coa conduta segundo o valor.
- Publicidade: maniféstase abertamente o seu aprecio e vívese de acordo con el.
- Acción: actúase en coherencia con el.
- Repetición: a conduta mantense constante na liña do valor